

COMPETICIÓN AIRE LIBRE

II XORNADA ATLETISMO FGA CERVO

1 DE DE MAIO DO 2026 (Xornada de mañá) **MODIFICADO**

- A Delegación de Lugo da FGA, co patrocinio do concello de Cervo, organiza a 2ª XORNADA DE AIRE LIBRE DE ATLETISMO CONCELLO DE CERVO 2026, o venres 1 de maio , en xornada de mañá, en San Ciprián no estadio da Veiga.

Art.1) Poderán participar atletas, con licenza en vigor pola FGA.

- Atletas dende categoría Sub10 e superior, atendendo as probas que por regulamento o permitan.
- Terán prioridade os atletas lucenses.
- Logo colleranse os mellores atletas por ranking, po lo que e importante poñer a mellor marca desta última tempada.

Art.2) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 22:00 do LUNS anterior á celebración das probas.


- Non se admitirán inscricións fora de prazo.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en 2025 e 2026. O límite de prazas está fixado na táboa do **Art.5)**, no caso de superar o límite terán preferencia os atletas lucenses.
- Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art.3) Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do MERCORES anterior á celebración das probas e serán remitidas a lugo@atletismo.gal.

Art.4) Os/as atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización, de forma totalmente visible, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Os atletas retirarán o seu dorsal na zona habilitada ata 60' antes da celebración da proba.




Art.5) Atletas por proba, Cadencia, Tentativas e Mellora:

PROBA	ATLETAS	CADENCIAS E TENTATIVAS
SALTO LONXITUDE E TRIPLE	20	3 TENTATIVAS e 2 SALTOS DE MELLORA
LANZAMENTO DE PESO	20	3 TENTATIVAS e 2 LANZAMENTOS DE MELLORA
100 ml	6 SERIES	-
PROBAS NO ANEL	3 SERIES	-

Art.6) Horario: poderá ser modificado segundo o número de inscritos.

HORARIO 2ª XORNADA ATLETISMO CERVO 01/05/2026		
MASCULINO	HORA	FEMENINO
	10:00	1500 obstáculos
1500 obstáculos	10:15	
400 mv	10:30	SALTO DE LONXITUDE
300 mv	10:40	
	10:50	300 mv
	11:00	400 mv
	11:10	600 ml
600 ml	11:20	
SALTO DE LONXITUDE	11:30	1000 ml
1000 ml	11:45	
	12:00	500 ml S10
500 ml S10	12:10	
	12:20	800 ml
		TRIPLE SALTO
800 ml	12:35	
	12:50	150 ml
150 ml	13:05	
LANZAMENTO DE PESO (SUB 14-SUB ATA ABSOLUTO)	13:10	
	13:20	100 ml
100 ml	13:30	
	13:40	80 mv sub 14 e veterano
80 mv	13:50	



Art.7) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Non se admitirán inscricións fora de prazo.
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a sanción será de 5€.
- Calquera baixa comunicada con posterioridade ás 23:59 do MÉRCORES previo o inicio da competición ou a non participación final, darán lugar á tramitación da correspondente sanción.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6€ por atleta con datos falsos.

Art.8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

En Lugo, a 27 de Abril de 2026

O Delegado en Lugo da F.G.A

